


#OPORRIÑOENGRANDE



Programa Electoral



O PORRIÑO
MERECE
MÁIS!

1. A Galiza que vén: unha nova Galiza, concello a concello

2. Promoción económica e innovación

Unha aposta polo emprego

A mocidade; un valor para o futuro

O desenvolvemento local: comercio, servizos, industria e tecnoloxía

Turismo responsable para O Porriño

3. Calidade de vida. Os desafíos da emerxencia climática

Espazos públicos e mobilidade, un cambio de modelo

Ecoloxía e recursos naturais

Residuos municipais: a compostaxe e a boa xestión

Organización territorial e o espazo público para a xente

4. Democracia, transparencia e participación

5. Benestar social: o dereito a unha vida digna

Unha política social de inclusión e benestar

A vivenda e as novas necesidades, solucións reais

O dereito á educación de calidade

O deporte no concello

A defensa e o reforzo da saúde pública

6. Concellos pola igualdade e contra o patriarcado

7. A identidade como ferramenta de transformación

Concellos en galego: a lingua, normalización e normalidade lingüística

A cultura como instrumento transformador da realidade no Porriño

Memoria Histórica

8. Capaces! O Porriño, un concello ben xestionado

Servizos públicos, unha mellora necesaria

Xestión eficaz da facenda municipal

1. A GALIZA QUE VÉN: UNHA NOVA GALIZA, CONCELLO A CONCELLO

A presenza do BNG nos concellos debe servir para cuestionar decididamente o contexto tan adverso para a Galiza e as súas clases populares; para pular por reverter a situación de emerxencia que padecemos como pobo: desemprego, migración, sangría demográfica, degradación dos servizos públicos, desmantelamento económico e produtivo, desgaleguización...; para confrontar a negación dos dereitos da nosa nación, e para defender políticas no ámbito local que se enmarcan claramente na alternativa de ruptura e soberanía que o BNG defende para a Galiza.

2. PROMOCIÓN ECONÓMICA E INNOVACIÓN

Unha das premisas para poder garantir benestar e calidade de vida é poder contar cun traballo digno. No entanto, unha das peores consecuencias da crise e das políticas que se nos veñen impondo é a destrución de emprego ou os atrancos e dificultades para podermos desenvolver as nosas potencialidades económicas, xerando aínda maior empobrecemento, precarización e emigración. Por iso, a pesar das limitacións derivadas do rixido marco competencial, a nosa prioridade absoluta será a de abordar estratexias dirixidas a recuperar o dinamismo económico e a creación de emprego na localidade.

O BNG nos concellos tamén se esforzará en crear as condicións que impulsen e dinamicen a economía local, e a posta en valor de recursos endóxenos para atinxir un modelo de crecemento económico sustentable, ademais de apoiar e investir no coñecemento, a investigación e a innovación para pular por un modelo económico que sexa capaz de atinxir maiores niveis de emprego.

O BNG desde o concello impulsará as seguintes medidas:

Unha aposta polo emprego

- Realizar un **estudo e diagnóstico** da capacidade de empregabilidade e desenvolvemento empresarial do concello.
- Reformular o **Plan Municipal de Emprego** aumentando o seu orzamento e publicitando os seus contidos, para desenvolver accións que faciliten a inserción laboral das persoas desempregadas do noso concello.
- Elaborar un **Plan de Emprego Feminino**, xa que o desemprego é maior para as mulleres.
- Promover a modalidade de contratos reservados para Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral para **fomentar a integración de colectivos desfavorecidos e con dificultades de acceso ao emprego**.
- Crear a **Mesa Municipal polo Emprego** con outras administracións, sindicatos, asociacións do empresariado e axentes sociais implicados, para xerar sinerxías que melloren a creación de emprego no Porriño e aumenten a **oferta educativa en novos ciclos** que se axusten ás necesidades de emprego do noso concello.
- Solicitar da Xunta máis recursos económicos en **formación en I+D+I** en coordinación cos tres centros tecnolóxicos do Porriño.
- Establecer un **Programa de Fomento de Cooperativismo Laboral** e de apoio a iniciativas de **autoemprego**, orientado á realización de **proxectos** que dinamicen a **economía local** como son a agricultura ecolóxica, a permacultura e o comercio de proximidade.
- Reforzar o **sementeiro de empresas** público. Apoiar proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais, especialmente de xente moza, a través do acompañamento do desenvolvemento, creando espazos gratuítos de uso individual e compartido (**coworking**) para a mocidade.

- Revitalizar a **bolsa municipal de emprego**, potenciando o seguimento individualizado das persoas desempregadas e revisando os actuais servizos de información e orientación.
- Fortalecer o **tecido comercial e empresarial propios**, apoiando o **comercio local** e de **proximidade** fronte ás grandes superficies.

A mocidade; un valor para o futuro

- Crear un **Plan de Emprego Xuvenil** adaptado á realidade do noso concello, que poña o foco nas necesidades formativas e de orientación laboral específicas da nosa mocidade, incentivando conexións co tecido industrial e tamén incentivando a presenza de novos sectores.
- Crear un servizo de **seguimento da mocidade desempregada**, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no mundo laboral.
- Potenciar a creación de **bolsas** destinadas á mocidade con titulación superior para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.
- Apoiar **proxectos emprendedores** da mocidade a través do acompañamento do seu desenvolvemento dende o inicio ata a posta en marcha do mesmo.
- Traballar no desenvolvemento de iniciativas, proxectos e programas dirixidos a **dinamizar a vida da mocidade**.
- Recuperar a utilidade das **escolas unitarias sen función educativa** para un uso para a mocidade.
- Crear un **espazo para a xuventude** que sirva para fomentar actividades que promovan a creatividade e a expresión artística da mocidade, no que se inclúa un centro de asesoramento afectivo-sexual e espazos de lecer.
- Fomentar a creación de **tecido asociativo xuvenil** no municipio.
- Organizar accións motivadoras para ampliar o **uso do galego** nos espazos propios da mocidade.
- Organizar **campañas de educación afectivo-sexual** dirixidas a aumentar o control sobre o corpo e a súa sexualidade, así como asesoramento sobre formación en **identidade e orientación sexual**.
- Desenvolver accións informativas sobre **efectos do consumo de drogas** e prevención de riscos.
- Impulsar, xunto con outras administracións, o **alugueiro social**. Apostar por que as vivendas se reutilicen para a emancipación da xente moza implantando unha liña de axudas que o favoreza.

O desenvolvemento local: comercio, servizos, industria e tecnoloxía

- Promover campañas de consumo no **comercio local** e de defensa dos pequenos negocios e dos oficios tradicionais.
- Programar accións dirixidas a **revitalizar o mercado de abastos**.
- Traballar na creación e/ou consolidación de **grupos de consumo local** para artellar a relación entre persoas produtoras e consumidoras.
- Fomentar a adquisición de **produtos locais nos servizos municipais** (escolas infantís, comedores escolares, centros de servizos sociais, etc.).
- Reclamar a extensión de **rede de fibra óptica** a todo o concello.
- Demandar a colaboración da Xunta para poñer en marcha campañas que axuden á **divulgación do granito** do Porriño nos distintos sectores industriais.
- Promover a agrupación da actividade industrial en **polígonos sectoriais**, para minimizar o seu impacto social e ambiental.

UNHA NOVA GALIZA CONCELLO A CONCELLO **O PORRIÑO MERECE MÁIS**

- Promocionar **feiras sectoriais** e introducir no calendario municipal de feiras e mercados, unha **feira de artigos de segunda man** onde a propia veciñanza poida poñer os seus postos de venda, potenciando deste xeito a reutilización de artigos como mobles, roupa, xoguetes, obxectos,...
- Apoiar a difusión das **redes de comercio xusto**, en colaboración cos distintos sectores para a dinamización local.

Turismo responsable para o Porriño

- Crear unha **Oficina de Turismo Municipal** no barrio dos Aloques.
- Elaborar unha **guía de recursos turísticos** con información sobre o noso patrimonio natural, histórico ou arquitectónico, así como sobre a hostalería e os comercios locais.
- Fomentar O Porriño como **lugar de lecer e cultura** para as xentes da contorna.
- Colaborar coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito na posta en valor do **Museo dos Minerais**, para fomentar o seu coñecemento e facilitar o seu uso por parte da comunidade educativa.
- Promover os **valores históricos e patrimoniais** como factor de atracción turística e identificación nacional, procurando dalos a coñecer de forma contextualizada, correctamente inseridos na historia do noso concello e país.

3. CALIDADE DE VIDA. OS DESAFÍOS DA EMERXENCIA CLIMÁTICA

A función máis importante dos concellos consiste na prestación dos servizos básicos, mais a medio e longo prazo é tratar de incidir na ordenación acaída do seu territorio, tanto na previsión de intervencións sobre el como nas actuacións que se fagan para o seu coidado e permanencia. Con estas consideracións xerais facemos fincapé nunha cuestión de máxima transcendencia: o papel que teñen os concellos na Ordenación do seu Territorio, no Urbanismo e no Medio.

Tras a experiencia vivida durante estes últimos anos puidemos comprobar como a sociedade demandaba espazos exteriores de socialización, e como no perímetro máis próximo faltaban moitas necesidades por cubrir. Xunto a isto, e diante da actual crise climática, faise cada vez máis patente a asociación indisoluble entre a dotación de zonas verdes e espazos naturais, e os beneficios para a saúde asociados a eles.

O BNG sempre rexeitou o tratamento dos residuos municipais no modelo de Sogama, baseado na incidencia da totalidade dos residuos e que non dá cobertura á necesidade ambiental e legal de reciclar os bio-residuos. Promovemos un novo paradigma na xestión dos residuos municipais, apoiado na implicación colectiva e a participación directa de toda a sociedade.

O BNG desde o concello impulsará as seguintes medidas:

Espazos públicos e mobilidade, un cambio de modelo

- Elaborar un Plan Integral de **eliminación de barreiras arquitectónicas** nos edificios municipais e nas zonas humanizadas e peonís do municipio.
- Crear unha **liña circular de bus municipal** que comunique as parroquias, a vila e os polígonos industriais, para a súa interconexión coa rede de transporte metropolitano.
- Demandarlle á Xunta de Galicia que mellore o **transporte público cara ao Hospital Álvaro Cunqueiro e o Campus Universitario de Vigo**.
- Fomentar a creación de **carril para bicicletas** desde o Pavillón de Deportes até Cans e desde o Campo da Feira até a Casilla en Atios.

- Promover e aplicar actuacións onde a **mobilidade peonil** sexa a prioridade, especialmente nos centros de socialización e convivencia veciñal das parroquias e barrios.
- **Humanizar a zona das Torres**, ancheando beirarrúas, regulando o tráfico e plantando arboredo. Construiremos un aparcadoiro soterrado no pavillón, debaixo do actual e con dous andares para empregar o espazo en superficie para usos deportivos e zonas verdes. Dar continuidade á rúa Paz Varela para conectala coa Antonio Palacios.
- Deseñar **rutas escolares seguras** nos ámbitos urbanos e rurais para potenciar o desprazamento a pé de crianzas até os centros escolares.
- Crear unha **rede de sendeiros** para percorrer e comunicar o municipio, unha polo río Couso (Fonteliño) que conecte Cans co centro da vila, outra que permita a subida á Área Recreativa da Risca e outra que permita darlle continuidade ao Paseo do Louro ata ás Gándaras de Budiño.

Ecología e recursos naturais

- Defender unha postura totalmente **contraria ao proxecto de creación do macroestacionamento de camións en Torneiros**, apoiando plenamente á acción veciñal contraria a esta instalación.
- Xestionar dun xeito responsable **a auga, recurso** escaso e de **primeira necesidade**.
- **Ampliar** as **liñas de subvencións** das **traídas de auga** para que tamén se poida financiar gasto en inversión.
- Crear o **Departamento do Medio**, con persoal técnico que xestione as políticas ambientais municipais.
- Pór en marcha un **Programa de Educación Ambiental** en todas as parroquias.
- Promover **hortas urbanas** en espazos comunitarios que permitan a práctica do agro, acompañada de formación e baixo criterios sustentables.
- Recuperar unha **Feira de produtos ecolóxicos e naturais**, que sirva para dar a coñecer os produtores e produtoras de proximidade.
- Organizar **encontros** para fomentar o **intercambio de sementes galegas** para poñer en valor as variedades autóctonas e garantir a súa supervivencia.
- **Reducir os gastos enerxéticos** e apostar polas **enerxías renovables** e de baixo consumo en edificios municipais.
- Ceder terreo municipal para unha localización adecuada dun **refuxio de animais municipal** cun modelo de xestión que asegure a calidade de vida dos animais abandonados no concello.
- Realizar campañas de sensibilización e concienciación **contra o maltrato animal**.
- Pór en valor o espazo natural das **Gándaras de Budiño** a través de accións divulgativas cos centros de ensino e outros sectores da poboación.
- Demandar do Ministerio de Fomento unha solución directa e eficiente **á contaminación acústica da autovía A-52** ao seu paso pola ribeira do Louro, cunha cuberta vexetal que reduza o alto nivel de ruído desta zona de tanto valor biolóxico.
- Defender a ampliación da protección ambiental actual da **Serra do Galíñeiro**.
- Promover a **fusión da arte e a natureza** implementando iniciativas artísticas como xardíns verticais ou graffitis vexetais nas zonas de lecer.
- Colaborar coas comunidades de montes para a mellora do **mantemento das áreas recreativas de uso público**.
- Crear unha **mesa de coordinación ambiental** entre o sector mineiro, Confederación Hidrográfica, os departamentos de Minas e Medio Ambiente da Xunta de Galicia, o concello e o colectivo veciñal.

Residuos municipais: a compostaxe e a boa xestión

- Impulsar a **compostaxe doméstica e comunitaria** a través de **programas** a longo prazo en todas as parroquias, que valoricen e reduzan considerablemente a materia orgánica.
- Elaborar campañas anuais de **redución, reutilización e reciclaxe** de lixo co compromiso de aumentar as porcentaxes a separar e coa finalidade de axudar a diminuír lixo.
- Crear un **depósito de ReUse** e o seu conseqüente regulamento; trátase dun lugar onde se poida deixar material en bo estado que outras persoas poidan reutilizar.
- Ampliar a instalación de **saneamento no rural**. Conectar a rede xa executada e ampliála aplicando criterios xustos, achegando este servizo básico a máis vivendas.
- Colaborar coas entidades sociais e comunidades de montes para a mellora dos **solos forestais** e produtivos coa achega de materia orgánica.
- Buscar as mellores fórmulas de colaboración inter-institucional no tratamento dos **bio-residuos**.

Organización territorial e o espazo público para a xente

Aprobar o **Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)**, para desenvolver de forma sustentable o municipio, coa máis ampla participación e consenso veciñal.

- Promover un convenio coa empresa **Frigolouro**, xunto co seu cadro de persoal e a Xunta, para resituala fóra da localización actual, garantindo os postos de traballo e revalorizando ese terreo como zona verde con espazo para uso deportivo e de lecer.
- Adecuar a **rede viaria no rural** para artellar itinerarios que faciliten as comunicacións nas parroquias do Porriño e favorezan o **desprazamento seguro** da veciñanza.
- Esixirlle ao goberno do estado a **supresión do paso a nivel**, cun soterramento o máis longo posible que permita a conexión ampla sen barreiras co río Louro.
- Ampliar **zonas verdes** e gañar espazos para o uso colectivo, para as nosas crianzas, a nosa mocidade e os nosos maiores.
- Recuperar, conservar e pór en valor o noso **patrimonio arquitectónico e etnográfico local**.

4. DEMOCRACIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

É mais que nunca tempo de compromiso, de activismo, de implicación, de participación, de procura de respostas colectivas para facerlle fronte a un sistema cada vez máis cruel e inxusto.

Os concellos son os espazos propicios para profundar na democracia directa, na participación social e na democratización na toma de decisións. En consecuencia, o BNG asume o compromiso de implementar e alargar onde xa existiren, mecanismos de participación tanto no nivel sectorial como territorial.

O BNG comprométese a:

- Impulsar e aprobar o **Regulamento de Participación Cidadá** para a posta en marcha de **consellos sectoriais** abertos á participación de axentes sociais e colectivos organizados, como o **Consello Local da Cultura**, nos que debater as liñas estratéxicas da acción municipal.
- Establecer un **orzamento participativo**, con fórmulas de participación cidadá na elaboración dos orzamentos municipais.
- Crear dinámicas de **coordinación e interrelación entre o asociacionismo** veciñal, cultural e social e o goberno local.
- Aposta pola **participación social na administración local**, favorecendo xestión de espazos municipais por parte de colectivos e entidades sociais.

- Modificar o regulamento de **sesións plenarias** para permitir a **participación da cidadanía**.
- Crea un **Plan de formación** para o **persoal municipal**.

5. BENESTAR SOCIAL: O DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

Os Servizos Sociais son un dereito universal e debemos garantir que os recursos sexan repartidos con criterios claros, con xustiza e que cumpran os obxectivos para os que son destinados. Non poden depender de circunstancias particulares de cada concello, senón que todos os galegos e galegas deben poder gozar dos mesmos recursos e recibir a mesma atención, independentemente do lugar de residencia.

A Xunta da Galiza é a administración competente na atención social e consideramos que, tal como están deseñados e financiados, os servizos sociais non cumpren a súa función de ser o instrumento necesario para loitar contra a pobreza e ofrecer o dereito a unha vida digna ás persoas que máis o precisan.

O BNG desde o concello impulsará as seguintes medidas:

Unha política social de inclusión e benestar

- **Incrementar a partida orzamentaria de Emerxencia Social** para garantir a cobertura de necesidades básicas como o pago da vivenda, os desafiuzamentos, a adquisición de alimentos ou paliar a pobreza enerxética.
- Diseñar un **Plan Local de Inclusión Social** onde se identifiquen as persoas, grupos ou colectivos vulnerables para artellar políticas integradoras e transversais en colaboración con outras administracións.
- Desenvolver programas de intervención comunitaria para **colectivos de especial problemática social** en colaboración co movemento asociativo e o terceiro sector.
- Traballar, desde a defensa da diversidade cultural e lingüística, pola integración da **poboación migrante** do Porriño.
- Adecuar o **Plan Xitano** á realidade social actual.
- Establecer **reunións conxuntas cos centros educativos**, inspección educativa da Xunta de Galicia e profesionais dos servizos sociocomunitarios para coordinar o **traballo con menores que presenten conflictividade** tanto a nivel familiar como escolar.
- Crear un **Plan de Acolida de Menores Migrantes** que chegan ao noso concello dende realidades e linguas diferentes ás cooficiais en coordinación cos centros educativos, para darlles resposta ás necesidades da familia e da crianza.
- Estudar unha **nova localización para o Departamento de Servizos Sociais**, que favoreza unha accesibilidade universal para a prestación dos servizos sociocomunitarios.
- Atender a **diversidade funcional**, garantindo o acceso de toda a poboación a programas de inserción social e laboral, de lecer e de actividade física ou deportiva, así como formulando políticas de accesibilidade universal, identidade e recoñecemento da diversidade.
- Demandar da Xunta a creación no Porriño dun **novo centro de educación infantil** integrado na Rede Galega como servizo público de atención á infancia de 0 a 3 anos e ceder terreos municipais para este fin.
- Crear a figura da **persoa cuidadora de barrio** como apoio para as persoas maiores ou con dificultades de mobilidade (desprazamentos médicos, servizo comedor, asistencia na casa...).
- Crear un servizo de **comedor social**.

- Crear un **Servizo Municipal de Voluntariado** onde se ofrezan actividades de interese social, ambiental e comunitario.

A vivenda e as novas necesidades, solucións reais

- Demandar da administración da Xunta a **ampliación do parque de vivendas de protección**.
- Obter vivendas a través de convenios urbanísticos para destinalas ao **alugueiro** con finalidade **social**.
- Demandar o acceso a vivendas baleiras, **vivendas de protección** e de titularidade da Xunta a disposición da cidadanía, en formas diversas: alugueiro, alugueiro social ou alugueiro con dereito a compra.
- Promover convenios de colaboración con ACEESCA para a creación de **pisos tutelados** que lles dean a oportunidade de vida autónoma a persoas con discapacidade.
- Potenciar a colaboración con programas doutras administracións de **rehabilitación de vivendas**.
- Traballar no acondicionamento ou recolocación da infravivenda conformada en **chabolismo**, tendo en conta a diversidade de situacións en canto á titularidade das mesmas.

O dereito a educación de calidade

- Solicitarlle á Xunta que reforce as **escolas unitarias** existentes e promovelas para mantelas como unha alternativa de educación ao dispor das familias.
- Promover a **educación non regrada** a través de obradoiros e cursos para favorecer a educación permanente de todas as persoas.
- Demandar para O Porriño un **centro de idiomas** adscrito á Escola Oficial de Idiomas de Vigo.
- Solicitarlle á Xunta de Galicia a construción dun **novo centro de educación infantil e primaria** para o centro urbano.
- Reclamar da Xunta unha mellora no servizo de **comedores escolares**, atendendo ao criterio de produtos de proximidade e dunha alimentación equilibrada e saudable.
- Solicitar da Xunta a **ampliación de ciclos formativos** regrados e non regrados na vila, co obxectivo de incluír novas familias profesionais ás xa ofertadas na localidade e con relación aos sectores establecidos aquí (farmacia, madeira...).

O deporte no concello

- Fomentar **hábitos de vida saudables** ligados á práctica deportiva individual e colectiva, asociados ao lecer e desde o respecto polo noso medio natural.
- Promover **programas de envellecemento activo** e achegar a actividade deportiva ás persoas de máis idade.
- Colaborar coas entidades sociais e comunidades de montes para a dotación de **equipamentos deportivos** nas parroquias onde o concello non teña parcelas.
- Potenciar a práctica de **deportes de exterior** atendendo aos recursos naturais existentes no Porriño para montañismo, escalada, ciclismo de montaña, rocódromo...
- Adecuar espazos públicos para a práctica de **deportes urbanos**.
- Construír **piscinas públicas** na contorna do Río Louro respectando o valor ecolóxico do espazo.

- Apoiar o **deporte base** a través de convenios cos clubs deportivos, incluíndo modalidades de deportes non federados.
- Crear o **Consello do Deporte** co obxectivo dun mellor desenvolvemento do deporte no Porriño.
- Elaborar unha **oferta de actividades ampla e variada** para todos os segmentos da poboación, complementaria coa que ofrecen os clubs deportivos locais.
- Fomentar a **xestión pública** e mellorar os servizos que presta a piscina municipal.
- Potenciar e defender a plena **capacidade do deporte galego** para se desenvolver, promovendo as federacións e competicións propias, así como a participación internacional.

A defensa e o reforzo da saúde pública

- Reclamar que o SERGAS asuma a **xestión da Unidade de Asistencia a Drogodependencias** e que a integre nas instalacións sanitarias correspondentes.
- Solicitar do SERGAS **maior dotación de persoal sanitario e especialidades** para cubrir os servizos que precisa o concello atendendo ao aumento de poboación.
- Solicitalle ao Ministerio de Traballo que **recoñeza a situación de incapacidade permanente**, con dereito ao cobro da correspondente pensión, ás persoas traballadoras con algún grao de **silicose**.
- Esixir da Xunta de Galiza a creación dun **centro de referencia** para a prevención, tratamento e seguimento das persoas afectadas por **silicose** e demandar colaboración co **ISSGA**, mellorando os medios e competencias deste organismo para loitar contra esta enfermidade.
- Esixirlle á Consellería de Industria e á rede eléctrica que negocien o **soterramento das liñas de alta tensión**, priorizando a actuación sobre as máis próximas ás vivendas (Torreiros e Atios).
- Demandarlle á Xunta de Galicia un estudo específico sobre os niveis de gas **RADÓN** e aplicar a normativa da OMS do noso concello por sermos unha zona especialmente sensible.
- Rexistrar as edificacións e construcións públicas do noso concello que conteñan elementos estruturais con **AMIANTO** como cubertas, tubaxe, pavimetos e instar a administración competente que se proceda á súa substitución. Establecer axudas destinadas á retirada do amianto no caso das construción privadas (fábricas, vivendas...) dando prioridade ás situadas preto de zonas frecuentadas por poboación máis vulnerable: persoas enfermas, anciás, crianzas...
- Demandar da Xunta que execute o **Plan de descontaminación**, rehabilitación e xestión de residuos dos solos, augas en superficie e subterráneas afectadas polos vertidos de **LINDANO**. Esixir da Xunta a realización dun censo de persoas afectadas por lindano facendo seguimento sanitario das mesmas. Instar a Xunta a que O Porriño se integre nos programas europeos de temática sobre o lindano.

6. CONCELLOS POLA IGUALDADE E CONTRA O PATRIARCADO

BNG ten na súa esencia política a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Nese empeño levamos investido moitos esforzos e conquistado moitos obxectivos pero é preciso dar novos pasos para conseguir novos avances. A crise económica arrasou coas escasas axudas que moitas mulleres percibían por coidar as persoas dependentes da familia e a reforma laboral e a destrución de emprego expulsou moitas mulleres do mundo laboral, agravando tamén a fenda en ocupación e salarial e disparando o número de mulleres con contratos a tempo parcial.

A violencia machista e o feminicidio continúan a ser unha lacra que ameaza permanentemente a seguranza e a vida das mulleres. Nun contexto en que sectores reaccionarios pretenden normalizar o machismo é fundamental unha política activa que despregue a súa propia programación para conquistar a loita do feminismo.

O BNG desde o concello impulsará as seguintes medidas:

- Dar cumprimento, actualizar e avaliar ao **Plan de Igualdade Municipal** empregando os recursos necesarios para a súa difusión e implantación.
- Executar un **Plan Integral contra a Violencia Machista** para promover a concienciación e a prevención da violencia de xénero, especialmente entre nenas e mozas.
- Crear o **Consello Municipal da Muller** como órgano consultivo no que estean representadas organizacións feministas, tecido asociativo e administración local.
- Realizar **campañas** de sensibilización e identificación do machismo para fomentar a mudanza de valores, rompendo co modelo actual de socialización sexista.
- Incrementar os **recursos** para a atención de calidade das mulleres que sofren violencia machista.
- Mellorar a **coordinación entre o Centro de Información (CIM) e outras administracións** para a atención a vítimas de violencia de xénero e o acceso á información e aos recursos.
- Introducir **módulos de igualdade** na programación das asociacións culturais e veciñais que reciben subvención municipal.
- Incluír **cláusulas para a igualdade nas contratacións**, subvencións e convenios.
- Favorecer o **emprendemento feminino** e a posta en marcha de iniciativas empresariais de mulleres.
- Fomentar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar: o **servizo de gardería** nas accións promovidas desde a administración, **campamentos** en períodos non lectivos.
- Fomentar **iniciativas** que teñan como finalidade o **apoderamento** das mulleres.
- Apoiar e impulsar **programas de coeducación** e reparto de responsabilidades en todos os ámbitos.
- Usar unha **linguaxe non sexista e inclusiva** dende o Concello e en todas as publicacións nas que o Concello colabore.
- **Visualizar o colectivo LGTBQIA+** en todas as accións que reivindiquen a non discriminación por cuestións de xénero ou identidade sexual. Defender e fomentar o respecto á diversidade, eliminar a idea de que as diferenzas son anormais e mesmo dignas de persecución e/ou erradicación.
- Poñer en valor, promover e **apoiar as iniciativas veciñais** en relación coa promoción da igualdade de dereitos por razón de sexo e xénero.
- Elaborar un plan de **formación en igualdade para o persoal técnico** e político do Concello.
- Fomentar un **urbanismo con perspectiva de xénero**: potenciar unha adecuada iluminación dos espazos máis inseguros, fomentar as beirarrúas sen obstáculos que oculten a vista...
- Facer seguimento das **licenzas municipais** para vixiar que correspondan coa actividade que se solicita para detectar e informar usos de explotación sexual.

7. A IDENTIDADE COMO FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN

No actual contexto sociolingüístico de perda de falantes, de ataques planificados desde o poder para frear as posibilidades de recuperación, de non respecto aos dereitos das persoas falantes, etc, o compromiso coa normalización social da lingua tórnase crucial. Por iso, alén de incluír a transversalidade dos criterios dunha política lingüística normalizadora en todas as áreas e sectores, crearemos políticas lingüísticas específicas.

O BNG considera que unha política cultural verdadeiramente enraizada no país contribúe de modo crucial no noso autoconecemento e autovaloración como pobo. Asumimos a política de promoción, divulgación e impulso á creación de cultura como un eixo central da nosa actuación municipal.

O concepto de 'memoria histórica' ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, -que non remata no réxime franquista- con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron para conformar a nosa identidade e conciencia nacional.

O BNG desde o concello impulsará as seguintes medidas:

Concellos en galego: a lingua, normalización e normalidade lingüística

- Crear a praza de persoa **técnica do Servizo de Normalización Lingüística** dentro do cadro de persoal do concello para non circunscribir esta figura ao apercebimento de subvencións.
- Apostar por un **modelo de inmersión lingüística en galego en toda a actividade** do concello, pensando en todas as persoas, incluíndo as persoas con accesibilidade cognitiva diversa.
- Organizar **accións motivadoras** para ampliar o uso do galego nos espazos propios da mocidade.
- Fomentar os lazos culturais con territorios da **lusofonía**, a través de recitais, concertos, adquisición de material para a biblioteca e calquera evento no que teña cabida a universalidade da lingua galega.
- Fomentar a **animación á lectura en galego**. Crear grupos de lectura para crianzas e persoas adultas onde dar a coñecer e espallar, co apoio de persoal especializado, obras da nosa literatura. Ampliar o fondo en galego da nosa biblioteca, especialmente o dedicado ao público infantil, que está moi desactualizado.
- Dotar a biblioteca de **fondos bibliográficos en linguas estranxeiras** para o seu estudo e difusión, con especial atención para as minorías lingüísticas afincadas no noso municipio.
- Incluír nos distintos convenios do concello (culturais, deportivos...) unha **cláusula que comprometa ao uso do galego** no desenvolvemento da súa programación e na difusión da mesma.
- Actualizar o **rueiro** da vila e das parroquias do concello, de maneira que faga máis fácil a xeolocalización do noso territorio. Os nomes deste rueiro deben respectar a toponimia propia, fomentar a visibilización das mulleres e recordar figuras represaliadas da nosa historia.
- Incentivar o emprego do galego na **rotulación** dos negocios, na súa publicidade e material escrito, con rebaixas fiscais ou calquera outra medida económica e/ou de recoñecemento.

A cultura como instrumento transformador da realidade no Porriño

- Crear un **auditorio**, coa inclusión doutros espazos culturais apto para a representación das distintas expresións artísticas, e que permita planificar e elaborar unha tempada cultural ampla e diversa.
- Crear unha **axenda cultural regular** no tempo, mellorar a súa difusión e divulgar desde o Concello as programacións culturais das parroquias para facilitar a participación da veciñanza nas actividades culturais municipais.
- Promover unha **descentralización da programación cultural levándoa aos barrios e ás parroquias** mellorando a coordinación entre o Concello e as asociacións.
- **Negociar os convenios culturais** en termos de igualdade e aplicando criterios xustos.
- Recuperar o patrimonio etnográfico e arqueolóxico local como oferta turística: **museo do pan, museos dos oficios** (zocos, cepillos...) con **itinerarios e roteiros** polas parroquias.

- Protexer, manter e dar a coñecer a obra de **Antonio Palacios**.
- Promover os **grupos locais**, facilitando espazos e incentivando a música popular, tradicional e contemporánea. Potenciar os artistas locais consolidados. Fomentar a creación de espazos de ensaio e de escenificación.
- **Apoiar as iniciativas locais de ámbito privado** que promovan e fomenten a cultura.
- **Colaborar na publicación** de traballos bibliográficos que traten temáticas locais.
- Promover o **coñecemento da historia de Galiza**, e da contorna máis próxima a través da celebración de actos lúdicos e culturais ou xornadas sobre recuperación da nosa historia.
- Elaborar un estudo e **inventariado do patrimonio** material e inmaterial dos ámbitos histórico, cultural e ambiental.
- Activar o **Arquivo Municipal da Imaxe**, incorporándolle funcións de recompilación histórica, documental e de divulgación.
- Crear unha **Escola Municipal de Artes e Oficios**, como espazo de formación, integración e participación cultural, onde converxan distintas disciplinas artísticas (teatro, danza, audiovisual...)
- Dinamizar as **bibliotecas das parroquias** creando espazos de ciberconsulta, ampliando horarios en épocas de exames, promovendo iniciativas de préstamos de libros, audiovisual (cinema, documentais, videoxogos...) e incentivando propostas de charlas divulgativas, proxeccións de cinema e incluíndo materiais de lectura fácil.
- Manter a colaboración municipal co **Festival de Cans**.
- Recuperar, estudar, pór en valor e difundir todas as manifestacións da **cultura popular**.

Memoria Histórica

- Fomento da **investigación da historia local**, xa que o noso país tivo unha dinámica propia, cara a favorecer a consciencia nacional utilizando os recursos precisos para a difusión da nosa historia.
- **Eliminación da simboloxía** e do rueiro **alusivo ao golpe de Estado e á ditadura franquista**.
- Programa de **posta en valor da nosa memoria nacional** para deitar luz e divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para recoñecermonos como pobo.
- Demandar ás institucións públicas galegas un protocolo ou marco de actuación único que estableza unhas garantías de **rigor na práctica de exhumacións** para un mellor tratamento dos dereitos humanos.
- Rehabilitación e **investigación sobre a xeración de artistas esquecidas e silenciadas** polos poderes públicos da Galiza e que tiveron especial compromiso coa lingua propia e a cultura e a identidade galegas.

8. CAPACES! O PORRIÑO, UN CONCELLO BEN XESTIONADO

Nas últimas décadas véñense aplicando métodos de xestión indirecta que representan unha modalidade de privatización. Así, grandes empresas poden ampliar o seu beneficio á custa de actividades tan relevantes como a subministración de auga, a xestión do lixo, a limpeza viaria ou a limpeza de edificios municipais entre outros. As consecuencias son negativas tanto para a calidade dos servizos, máis caros e ineficaces, como para a o emprego e as propias finanzas municipais.

Por iso o BNG defende a xestión pública da administración e dos servizos públicos como a fórmula que mellor garante o funcionamento con criterios de calidade e interese público: manteremos a xestión pública e pularemos pola recuperación da xestión directa dos servizos privatizados sempre que for posible.

O BNG desde o concello impulsará as seguintes medidas:

Servizos públicos, unha mellora necesaria

- Crear unha **empresa pública municipal de servizos**, como medio para a progresiva **remunicipalización** dos servizos básicos e/ou de interese social que están concesionados a empresas privadas ou son obxecto de contratación pública (piscina municipal e aparcadoiro da Avenida de Galicia...), e tamén para a prestación de novos servizos.
- Acrecentar a **oferta de emprego público**, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos públicos, adecuando a relación de postos de traballo en cada departamento do Concello.
- Aplicar a **máxima transparencia e imparcialidade** nos órganos de selección municipais na inserción de persoas traballadoras como na selección para a formación de desempregadas.
- Introducir **cláusulas sociais e de igualdade, éticas** (comercio xusto e responsable) e **ambientais** nos procedementos de contratación municipal.
- Integrar a **perspectiva de xénero nas políticas municipais**: programas, actuacións, documentos, orzamentos municipais.
- Crear unha **Oficina de Información e Atención á Cidadanía (OIAC)** para atender a veciñanza no contacto coa administración pública. Este servizo será transversal, contará con asesoramento dos demais servizos do Concello e contribuirá á axilización dos trámites municipais.
- **Limitar o uso do procedemento negociado sen publicidade** na contratación de empresas para a prestación de servizos. Defender que os servizos básicos prestados polo Concello sexan públicos como mellor antídoto **contra o clientelismo e a corrupción**.
- Crear un Plan de formación para o persoal municipal.
- Garantir o principio democrático dunha **administración local laica**: ningunha relixión debe condicionar as políticas públicas e todas as expresións relixiosas serán respectadas.
- Prestar con **equidade o acceso aos servizos públicos** para todos os sectores sociais con independencia da súa orixe, situación administrativa, idade, condición física e psicolóxica, nivel de estudos ou de renda.

Xestión eficaz da facenda municipal

- Xestionar a **captación de recursos doutras administracións**, incluídos os fondos de programas europeos, para abordar proxectos de infraestruturas das diferentes áreas do Concello.
- A **optimización de recursos públicos** eliminando o malgasto.
- Promover **criterios de xustiza social** tanto nas taxas como nos impostos públicos. Modificar as ordenanzas municipais para suprimir os intereses de demora cando se soliciten aprazamentos ou fraccionamentos para o pago de taxas e impostos municipais, sempre que sexa solicitado dentro do período de pago voluntario.
- Impor gravames adicionais na tributación local ás vivendas e locais comerciais de construtoras e bancos sen uso para **disuadir a especulación**, excepto que se puxeren ao dispor dos programas municipais de alugueiro social.
- Recuperar a **xestión directa dos tributos municipais**.